

	 <p>Amigos da Terra</p>	<p>CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL AS CORCERIZAS</p>	
		<p>Amigos da Terra Rúa da Concordia 20,2º esquerda 32003 Ourense Tel: 34 988 374318 Fax: 34 988 511020 e-mail: info@amigosdaterra.net</p>	

ACTIVIDADES FORMATIVAS EN AS CORCERIZAS-PRIMAVERA 2012

Dende **Amigos da Terra** adiantámosvos o programa de cursos e outras actividades que levaremos a cabo nesta primavera. Cada curso será convocado e detallado coa información precisa, pero podeis facer unha pre-reserva enviando un correo a info@ascorcerizas.com solicitando a reserva dunha praza antes da convocatoria.

14-15 de abril - Inclusión do enfoque de sostibilidade ambiental nos proxectos de Cooperación

Curso dirixido a distintos axentes de cooperación (entidades solicitantes de proxectos e axentes financiadores dos mesmos) que ten por obxectivo capacitar aos mesmos para lograr a correcta integración e posterior avaliación do enfoque de sustentabilidade tanto nos proxectos como nas convocatorias de subvencións. Contaremos coa visión de distintos especialistas como o investigador **Florent Marcellesi** e entidades relevantes como **AECID (Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo)** e **WWF**.

O curso está financiado pola Xunta de Galicia, polo que é gratuíto para os/as participantes.

5-6 de maio - Cociña ecolóxica local. Transición cara unha alimentación sana e sustentable

De forma eminentemente **práctica**, trataremos aspectos como a combinación de alimentos, obtención de enerxía e proteínas sen carne, etc., a fin de achegarnos a unha **alimentación local e de tempada**. Daranse a coñecer os impactos que provocan os alimentos que percorren miles de quilómetros, mentres cociñamos alternativas e coñecemos novas recetas.

Contaremos de novo coa especialista en cociña natural **Gloria Domecq**.

O curso forma parte dun proxecto estatal de Amigos da Terra en colaboración coa Fundación Biodiversidad, polo que é gratuíto para os/as participantes

26-27 de maio-Xornadas de Biodepuración: sistema F.M.F. e microorganismos eficientes

A través da exposición, acción e comprobación “in situ”, daremos a coñecer diferentes sistemas de depuración biolóxica, como o Filtro de Macrofitas en Flotación e o emprego de Microorganismos Eficientes; valorando as vantaxes, condicionantes e posibilidades de aplicación nos nosos propios proxectos.

Impartirán expertos/as das empresas **Ip3 oficina técnica forestal (Hidrolution F.M.F.)** e **Reboreda s.l. Sanidade vexetal**

Prezo: 30€, 25 para socios/as de Amigos da Terra

	 Amigos da Terra	CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL AS CORCERIZAS	
		Amigos da Terra Rúa da Concordia 20,2º esquerda 32003 Ourense Tel: 34 988 374318 Fax: 34 988 511020 e-mail: info@amigosdaterra.net	

9-10 de xuño Carpintería en Bioconstrución

Actividade formativa na que se impartirán coñecementos, criterios e recursos prácticos que nos introducirán no mundo da carpintería de **autoconstrución e bioconstrución**; capacitándonos para construír estruturas lixeiras e aplicar tratamentos e acabados na madeira.

Dirixirá a formacióno experto **André Calvo, carpinteiro e bioconstrutor**

Prezo: 115€, 105€ para socios/as de Amigos da Terra

PROGRAMA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL E LECER: "Roteiros para a Xuventude"

Programa de 4 fins de semana nas seguintes datas e actividades:

- Abril: 21-22
- Maio: 12-13 e 26-27
- Xuño: 9-10

Sábado:

- Roteiro interpretativo pola montaña, nocións de orientación con mapa e brúxula
- Visita etnográfica ao pobo de Rebordechao
- Velada

Domingo:

- Xogo de orientación
- Baño no Balneario de Baños de Molgas e tratamento con parafangos

Prezo: 94€, 75.20€ para as persoas que posúan o carné xóven